



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Literatura Española Medieval	Código	613G01022	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Profesorado	Martín Molares, Mónica Tato Garcia, Cleofe	Correo electrónico	monica.martin.molares@udc.es cleofe.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura medieval española nos seus principais autores e obras.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os principais autores e obras da literatura medieval española, percibindo as súas características e os elementos que permiten integralos nun mesmo período.	A1 A3 A5 A10 A11 A17 A18	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C6 C7
Ser quen de analizar e comentar textos significativos do período	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10	C3
Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante demostre a súa capacidade de reflexión crítica e sexa quen de aplicar os coñecementos sobre literatura e cultura á análise de textos, recurrido de xeito selectivo, cando é posible (e convinte), ao emprego doutra bibliografía e a recursos accesibles a traveso de internet.	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A17 A18	B1 B3 B5 B6 B7 B10	C7

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Introducción.	Cuestións previas. Características xerais da Idade Media e da literatura medieval española
2. A épica medieval española.	A épica española e as súas características. Ciclos épicos. Estudo do "Cantar de Mio Cid";
3. O Romanceiro	Os romances vellos: o problema da súa orixe. Clasificación, temas, características.
4. Da lírica tradicional á poesía de cancionero	Jarchas e lírica tradicional. Características A poesía cancioneril: panorama xeral. Marqués de Santillana: estudo da súa obra Jorge Manrique: estudo da súa obra
5. Do "mester de clerecía" ao "Libro de Buen Amor";	O mester de clerecía: problemas, textos e autores. Gonzalo de Berceo: estudo dos seus "Milagros"; Juan Ruiz e o "Libro de Buen amor";: principais problemas.
6. A prosa na Idade Media	Panorama xeral: de Alfonso X ao século XV. Principais tipos prosísticos e evolución. Don Juan Manuel: estudo do "Libro del Conde Lucanor";. A prosa de fición sentimental: aproximación a Diego de San Pedro e a "Cárcel de amor";
7. Formas dramáticas e semidramáticas no Medievo.	Teatro e espectáculo na Idade Media. Panorama xeral. O "Auto de los Reyes Magos";. Outras producións posteriores.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5	0.5	0	0.5
Sesión maxistral	A5 A11 A16 A17 A18 B1 B4 B5 B7	17	9	26
Proba mixta	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	3	20	23
Obradoiro	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	19	10	29
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	2	16	18
Lecturas	A1 A5 A10 A15 A16 A17 A18 B1 B2 B3 B5 B6 C7	0.5	52	52.5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Exame dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.



Sesión maxistral	Nas clases expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente na profesora, que tentará ofrecer panoramas xerais sobre as etapas da Idade Media e sobre os distintos ámbitos literarios. Alén diso, para evitar que os estudantes lean e estuden as obras de lectura obrigatoria de forma illada, a profesora ofrecerá unha visión xeral sobre a tradición na que se inscriben, un achegamento ao autor se o houber...; nestes casos, a exposición apoiarase nos textos, que os alumnos deben ter lido previamente, pois resultará imprescindible a súa intervención (si é pertinente) e a súa colaboración.
Proba mixta	Proba na que se busca que o alumno responda por escrito, de xeito completo e coherente, a distintas preguntas. Valorarase a súa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.) e espírito crítico. Combinará a teoría e a praxe, de maneira que o estudante aplique as nocións teóricas adquiridas á análise de cuestións referidas aos textos de lectura. Mais tamén haberá demostrar que dispón de coñecementos básicos en relación coa literatura castelá medieval.
Obradoiro	Coa finalidade de aprofundar no estudo das obras, que han ser previamente lidas polos estudantes, combinaranse diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, solución de problemas, exercicios de pregunta-respostas, pequenos debates ou exposicións...).
Proba de ensaio	Realizaranse dúas probas de ensaio ao longo do curso. O alumno deberá preparar previamente as lecturas das obras que se lle indiquen e os contidos relacionados con elas. Haberá desenvolver algún aspecto o tema aplicando os seus coñecementos e ofrecendo unha análise reflexiva e crítica, na que terá que demostrar, ademais, que levou a cabo unha lectura atenta, comprensiva e completa das obras.
Lecturas	As lecturas das obras literarias son o eixo sobre o que pivota esta materia, mais, ademais, a profesora, nalgúns casos, poderá solicitar a lectura de artigos críticos e bibliografía complementaria.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Obradoiro Lecturas Proba de ensaio	O alumno poderá sempre, se for preciso, requirir a atención personalizada da profesora, tanto para resolver dúbidas surxidas na preparación da proba mixta ou das dúas probas de ensaio como nas sesións adicadas a obradoiro ou nas lecturas, pero nunca para suplir as explicacións que non teña seguido por ausentarse inxustificadamente da aula.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta de carácter teórico-práctico na que se plantexarán distintas preguntas. En varias delas o alumnos centrarase na análise de diversos aspectos relacionados coas obras de lectura: ha aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao tempo que demostra que leu os textos. Alén diso, imorta que saiba situar os principais autores e textos (precisando xénero) do período de maneira correcta.	50
Obradoiro	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	Baixo a guía da profesora, búscase que os estudantes, en colaboración ou individualmente, apliquen os coñecementos vistos nas sesións maxistrais, reflexionen sobre aspectos concretos (por escrito ou oralmente), elaboren textos (sínteses, esquemas, pequenos comentarios...). Algunha(s) desas actividades será(n) tida(s) en conta na avaliación; nalgún caso, poden precisar non só da participación do alumno no obradoiro, senón dun tempo suplementario para elaborar materiais (tempo contemplado nas horas non presenciais).	10
Proba de ensaio	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	Na data que a profesora estableza (en razón do avance dos contidos), os estudantes deben realizar dúas probas de ensaio na clase e entregalas. Nelas desenvolverán un tema ou aspecto referido a algunha das obras de lectura obrigatoria; han ser quen de aplicar os coñecementos teóricos á análise dos textos e tamén de demostrar que teñen feita deles unha lectura detida e crítica. Valorarase o enfoque e a profundidade da análise, así como a claridade expositiva e a organización das ideas.	40



Observacións avaliación

Só se aceptarán as actividades e probas de ensaio realizadas e entregadas na data prevista, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen ter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba mixta e en cada unha das probas de ensaio; o estudante recibirá a cualificación "Non Presentado" cando non se presente á proba mixta.

Na segunda oportunidade (xullo), aplicarase o mesmo sistema de avaliación; no exame, que se celebrará na data oficial fixada pola Facultade, complementariamente o alumno dará conta tamén, nese mesmo momento, das dúas probas de ensaio e das actividades se as ten pendentes.

Dase por suposta a asistencia ás aulas; aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida debe poñerse en contacto coa profesora ao inicio do curso para establecer

o mecanismo de seguimento da súa aprendizaxe.

A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao terceiro curso do Grao de español (non só se tomará en consideración, por tanto, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fora da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control da profesora, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Fontes de información

Bibliografía básica

- PARRILLA, Carmen (1995). Diego de San Pedro, "Cárcel de amor". Barcelona, Crítica
 - MONTANER FRUTOS, Alberto (ed.) (2011). Cantar de Mio Cid. Madrid, Real Academia Española
 - Di SETEFANO, Giuseppe (ed.) (2010). Romancero. Madrid, Castalia
 - BELTRAN, Vicenç (2013). Jorge Manrique, Poesía. Madrid, RAE
 - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (1999). Marqués de Santillana, Poesía lírica. Madrid, Castalia
- Son estas as obras completas de lectura obligatoria, ás que se engadirá a selección de textos que facilite a profesora [lírica tradicional, mester de clerecía, "Libro de Buen Amor", prosa histórica, prosa didáctica, teatro, etc.] e artigos críticos.

Bibliografía complementaria

- RODRÍGUEZ CACHO, Lina (2009). Manual de Historia de la literatura española. 1. Siglos XIII al XVII. Madrid: Castalia
 - CANAVAGGIO, Jean (1994). Historia de la literatura española. Madrid: Gredos
 - DEYERMOND, Alan (1995). Historia de la literatura española I. La Edad Media. Barcelona: Ariel
 - DÍEZ BORQUE, José María (dir.) (1980). Historia de la literatura española. Madrid: Taurus
 - GÓMEZ REDONDO, Fernando (1998-2002). Historia de la prosa medieval castellana. Madrid: Cátedra
 - LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1987). Introducción a la literatura medieval española. Madrid: Gredos
 - GÓMEZ REDONDO, Fernando (2012). Historia de la prosa de los Reyes Católicos: el umbral del Renacimiento. Madrid: Cátedra
 - LACARRA, M^a Jesús y Juan Manuel CACHO BLECUA (2012). Historia de la literatura española. I. Entre oralidad y escritura: la Edad Media. Crítica: Barcelona
 - MENÉNDEZ PELÁEZ, Jesús (1993). Historia de la literatura española. Edad Media. León: Everest
 - MEREGALLI, Franco (coord.) (1990). Historia de la literatura española. 1. Desde los orígenes al siglo XVII. Madrid: Cátedra
 - PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. y Milagros RODRÍGUEZ CÁCERES (1981). Manual de literatura española. Edad Media. Pamplona: Cénlit
 - RICO, Francisco (coord) (1991). Historia y crítica de la literatura española. Edad Media. Primer suplemento. Barcelona: Crítica
 - RICO, Francisco (coord) (1981). Historia y crítica de la literatura española. Barcelona: Crítica
- Ofrécese aquí só a referencia de distintas historias da literatura; para cada tema entregarase un guión e unha bibliografía.

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Introdución aos Estudos Literarios/613G01005 Literatura Española/613G01011
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías